PDF Creator Trial
Mª Esther Prieto Priet

PRESENTACIÓN DA HISTORIA

Meniñas e meniños, esta é a historia dunha casa singular, non está nunha praza, nin nas beiras do mar, non ten ascensor nin garaxe onde os coches poidan aparcar.
A casa fora pousada, tecida, labrada, construída no berce dun castiñeiro con madeira de abeleira, freixo e piñeiro por un soñador carpinteiro.
Encima dela a "nana das árbores" podías escoitar. Podes durmir, cantar, cociñar, mesmo un queixo con marmelo merendar mentres les as guías de campo do Félix Rodríguez de la Fuente que aos cativos de hai anos, a fauna salvaxe ensinounos amar.

PDF Creator Trial

Unha noite de luar chegaron fadas e trasnos, magas tecedeiras, lobiñas espectaculares. Viña dende moitos lugares, camiñando, voando, en bici pedaleando ou nunha besta cabalgando. Agasallárونnos contos, cantos e historias, neste libro pousáronse algunhas delas acompañadas dunha carta que chegou a lomos do señor vento, carta de acivros e sobreiras, escrita con tinta de loureiro e lapis de fento.

ANXO MOURE
"O carballo con botas"

PDF Creator Trial

Despois de ler a lectura contesta as seguintes preguntas:

1- ¿Onde estaba construída a casa?.....
2- ¿Quen construíu a casa?.....
3- ¿Quen chegou á casa unha noite de luar? .....
.....
4- ¿Como chegaron?.....
5- ¿Que agasallos trouxeron? .....
.....
6- ¿Como chegou a carta?.....
7- ¿Con que estaba escrita a carta?.....

PDF Creator Trial